

CONDICIÓN S DE PARTICIPACIÓN NO 5º MERCADO DO LIBRO. PRAZA AURELIO AGUIRRE 25 E 26 DE MAIO DE 2024

Entidade promotora: Departamento de Comercio do Concello de Santiago de Compostela.

Participantes: Librerías, editoriais e ilustradores.

Datas e lugar de celebración: 25 e 26 de maio de 2024. Praza Aurelio Aguirre.

Horario: Sábado 25, de 11h. a 14:00h e de 17:00h. a 21:30h. Domingo 26, de 11:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:30h.

1. A iniciativa e as súas características

O **5º Mercado do Libro** celebrarase os días 25 e 26 de maio de 2024. Forma parte do programa conmemorativo da Festa do Banquete que promove o Concello de Santiago.

O mercado contará con actividades complementarias de dinamización. Os expositores e expositoras poderán propoñer ao Concello a realización de actividades como recitais, breves presentacións literarias ou artísticas e similares.

2. Espazo expositivo e solicitude de participación

2.1. Poderán expoñer librarías, así como editoriais e outros sectores vinculados ao mundo do libro e da ilustración. Todos deben ter capacidade para exhibir e vender.

2.2. O mercado instalarase en carpas tipo xaima de 5 x 5 metros, de uso compartido por máis dun expositor. O espazo dispoñible permite ata un máximo de 20 postos cunha superficie de 4 metros cadrados. Co ánimo de dar uniformidade á estética do mercado e ofrecer unha imaxe coidada do seu conxunto, proporcionarase aos expositores mesas para expoñer os seus produtos, 2 caixóns de madeira e máis 2 cadeiras.

2.3. A solicitude de participación formularase consonte as instrucións do Departamento de Tráfico para a ocupación da vía pública (apartado 5). A ocupación está suxeita á taxa prevista na ordenanza reguladora de ocupacións de vía pública e deberá ser aboada polas persoas solicitantes nos termos indicados nas citadas instrucións.

2.4. O prazo de presentacións de solicitudes comezará o día da publicación da convocatoria na sede electrónica do Concello de Santiago de Compostela e finalizará o **8 de maio de 2024**.

2.5. O criterio de selección será a orde de entrada en rexistro, dándosele prioridade ás persoas solicitantes con enderezo social no municipio de Santiago de Compostela.

2.6. As persoas interesadas poderán solicitar a información complementaria que precisen para valorar a súa participación no seguinte contacto: comercio@santiagodecompostela.gal.

3. Atención dos postos. Montaxe e recollida. Vixilancia. Distribución de postos.

3.1. O persoal de montaxe e atención ao público do mercado deberá estar regularizado. Será tamén responsabilidade directa das persoas expositoras o estrito cumprimento da normativa que regula a venda polo miúdo.

3.2. A montaxe realizarase o sábado día 25 de maio en horario de 09:00 a 10:45h. A montaxe e decoración dos postos debe estar necesariamente rematada ás 11:00h., momento da apertura ao público.

A recollida realizarase o domingo día 26 de maio, inmediatamente despois do peche ao público (20:30h.)

3.3. O mercado contará con vixilancia nas horas de peche do mediodía (14:00 a 17:00h), e con vixilancia xurada durante a noite do sábado ao domingo. O Concello de Santiago non se fai responsable da deterioración ou posibles furtos que se poidan producir durante o horario de apertura ao público. Será responsabilidade das persoas expositoras a atención permanente dos seus postos.

3.4. A distribución dos postos será realizada polo Concello de Santiago na procura do beneficio do conxunto do mercado e atendendo a criterios de tipo de produto e outras consideracións técnicas que se consideren oportunas.

3.5. Todos os carteis informativos que se expoñan ao público nos postos deberán estar escritos en lingua galega.